

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DO 24 DE OUTUBRO DE 2025 NA QUE SE APROBA A CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NAS BASES ESPECÍFICAS DO PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR UNHA (1) PRAZA DE TRADUTOR/A PUBLICACIÓNS, ENCADRADA NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, CLASE TÉCNICOS MEDIOS, GRUPO A, SUBGRUPO A2, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADA Á PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL, INCLUÍDA NA OE 2023.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 24 de outubro de 2025, adoptou entre outros, o seguinte acordo:

Por acordo da Xunta de Goberno de data 10.10.2025, apróbanse as bases específicas que regulan, xunto coas bases xerais, o proceso selectivo que se convoca para cubrir unha (1) praza de Tradutor/a publicacións, encadrada na escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios, grupo A, subgrupo A2, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, reservada á promoción interna vertical, incluída na OE 2023.

Producíndose erro material na base específica 5.2 EXERCICIO - PRÁCTICO, e considerando o establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que textualmente di: *"As Administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais de feito ou aritméticos existentes nos seus actos"*, propónse á Xunta de Goberno que proceda a súa corrección do seguinte xeito:

1º. Onde textualmente di:

"(...)

A puntuación deste exercicio será de 60 puntos, sendo a puntuación mínima para superalo 30 puntos.

"(...)"

2º. Debe dicir:

"(...)

A puntuación deste exercicio será de 30 puntos, sendo a puntuación mínima para superalo 15 puntos.

"(...)"

Lugo, 27 de outubro de 2025.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2979

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 30-10-2025
ata a día 01-11-2025
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

